

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 9 DE FEBREIRO DE 2015

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 9 de febreiro de 2015.

HORA DE COMEZO: 20:10 h.

HORA DE REMATE: 20:45 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D^a Dolores Gallego Santos, D^a M^a Lucía Ledo Fernández.

AUSENTES: D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco e D. José Luis Gestido Porto (xustifica en escrito do día 9.2.15 a súa inasistencia).

SUPLENTES: D. Jesús Manuel Graña Graña, D. Francisco Javier Soliño Soliño, D^a M^a Luisa Prieto Rial.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria Acctal., D^a María Rodríguez Gómez e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 19 DE XANEIRO E 2 DE FEBREIRO DE 2015

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 19 de xaneiro e 2 de febreiro de 2015.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 5 DE FEBREIRO DE 2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advérteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberá comunicarse ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 23.211.- LICENZA MUNICIPAL Nº 22.439.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL PETICIONADA POR ROSA MEIJIDE GAYOSO

A Xunta de Goberno Local queda informada do cambio de titularidade da referida licenza que ata a data figuraba a nome de María Dolores Valladares Rodríguez e que agora pasa a Rosa Meijide Gayoso.

2.A.2) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 24.601.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR RAMIRO CORDEIRO CORDEIRO E MARIA ELVIRA TIEVO GIRALDEZ

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, o día 4 de febreiro de 2015, acordou:

a)' outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a Ramiro Cordeiro Cordeiro e María Elvira Tievo Giráldez, para vivenda sita en Ourelo-Darbo, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 23.743.

2.A.3) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE N° 24.854.- A "PURICAR, C.B.", para colocación dunha estrutura desmontable en terraza existente en Ourelo-Darbo, foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE N° 25.047.- José Andrés Qtero Otero, pérgola desmontable en Vilanova, nº 6-O Hío.

EXPEDIENTE N° 25.276.- María Aurora Iglesias Refojos e outros, cerramento na Avda. de Vigo-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.320.- José Pousada Fernández, legalización cerramento e portal en Piñeiro, nº 40-Darbo.

EXPEDIENTE N° 25.339.- Dolores Valladares Cordeiro, reparación de cerramento en Espiñeira, nº 39-Aldán.

EXPEDIENTE N° 25.355.- Pedro Lemos Vizcaya, acondicionamento de local en Rúa Atranco, nº 13-baixo-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.362.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS VISTA ALEGRE, reparación fachadas en Alexandre Cribeiro, nº 10-Cangas.

ACTIVIDADES

EXPEDIENTE N° 1.727.- "CAL BARRAL, S.L.", cambio titularidade panadería en Rúa David Cal, nº 3-O Hío, para correxir erro producido na dación de contas deste mesmo expediente o 6 de outubro de 2014.

4º .- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

4.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA N° 60/2009

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 13.11.14 referente ao expediente de infracción urbanística nº 60/2009, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

EXPEDIENTE Nº 60/2009

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de San Roque-Darbo consistentes en: realizar a ampliación de vivenda arrimada a lindeiro.

Con data do 29 de abril do 2014 ordénase a demolición das obras de ampliación da vivenda arrimada a lindeiro. Con data do 16 de xuño presenta recurso de reposición contra a orde de demolición que foi desestimado por resolución do día 4 de xullo do 2014, ao considerar as obras como ilegalizables segundo o informe do arquitecto municipal do día 20 de marzo do 2014.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, Leonor Pérez Quintela, promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 217.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 220.l.b) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación, reduciráselle esta nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.d. 1398/93, do 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Visto o Decreto da Alcaldía do día 16 de xuño de 2011, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello, Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou seren recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 16 de xuño de 2011.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, eos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.

OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 60/2009.

4.B) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 30/2012-S

Dase conta de proposta do instrutor do día 23.1.15 referente ao expediente de infracción urbanística nº 30/2012-S, que é como segue:

"PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

RESOLUCIÓN RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 07/04/2014 RECAÍDA EN EXPEDIENTE DE SANCIONADOR Nº30/2012-S

Examinado o recurso potestativo de reposición interposto por INÉS OTERO PÉREZ contra acordo da Xunta de Goberno Local de data 7 de abril de 2014, do expediente sancionador nº 30/2012-S, polo que se impón unha sanción á recorrente de 1.200 €, pola realización de obras consistentes en construír unha pequena cuberta de superficie aproximada 2 x 0,50 m., no lugar do Viso-O Hío, onde fora demolida a caseta leñeira e a súa legalización foi denegada segundo a licenza 22.678-A, resultan os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Incoado expediente de restauración da legalidade urbanística nº 30/2012-S, a Inés Otero Pérez, este resolveuse o 12 de abril de 2013 ordenando a demolición das obras, consistentes nunha pequena cuberta de superficie aproximada de 2 x 0,50 m., no lugar do Viso, onde estaba sita a antiga leñeira, obras consideradas como ilegalizables polo arquitecto municipal. O expediente arquivouse por resolución do día 21 de xuño de 2013, ao considerarse restaurada a legalidade urbanística.

SEGUNDO.- Por acordo da Xunta de Goberno Local do día 15 de xullo de 2013, incoouse procedemento sancionador a Inés Otero Pérez 30/2012-S. En data do 17 de outubro de 2013 deuse traslado á interesada da proposta de sanción do expediente logo de que, dentro do prazo concedido ao efecto no acordo de iniciación do expediente non se formularsen alegacións, presentándose, o día 22 de novembro de 2013, escrito de alegacións.

TERCEIRO.- Con data do 26 de novembro de 2013 emitíuse informe xurídico sobre as alegacións formuladas.

CUARTO.- Con data do 7 de abril de 2014 a Xunta de Goberno Local acorda impoñer unha sanción de MIL DOUSCENTOS EUROS (1.200,00 €), acordo notificado á recorrente mediante correo certificado, que foi devolto por caducado ao estar ausente no seu domicilio Inés Otero e non recoller a notificación na oficina postal, logo de deixarlle o encargado de correos aviso de chegada no buzón, despois de dous intentos de entrega

realizados os días 8 e 9 do maio de 2014, as 11.24 h e ás 14.10 h., como figura no acuse de recibo que consta no expediente.

Con posterioridade procedeuse á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do día 20 de xuño de 2014 dun anuncio no que se cita para ser notificada por comparecencia a Inés Otero Pérez, en relación co expediente sancionador en trámite.

Así mesmo, consta no expediente recepción de copia desta notificación por parte de Alvaro Costa Fernández, titular do DNI 78.735.683 J, o día 22 de decembro de 2014.

QUINTO.- O día 14.01.2015, rexistro de entrada nº 346, Inés Otero Pérez, formula recurso de reposición contra acordo da Xunta de Goberno Local do día 7 de abril de 2014 do expediente sancionador nº 30/2012-S, polo que se impón unha sanción á recorrente de MIL DOUSCENTOS EUROS (1.200,00 €), pola realización de obras no lugar do Viso-O Hío, consistentes en realizar unha pequena cuberta de superficie aproximada 2 x 0,50 m., no lugar onde fora demolida a caseta leñeira e a súa legalización foi denegada segundo a licenza nº 22.678-A.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

I.- A competencia para a resolución do recursos de reposición presentado de conformidade co establecido no artigo 116 da Lei 30/1992, corresponde á Xunta de Goberno Local: 'Os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán seren recorridos potestativamente en reposición perante o mesmo órgano que o ditase...'

II.- No recurso interposto por INÉS OTERO PÉREZ, na súa condición de interesada aprécianse a concorrencia dos requisitos determinantes da súa admisión a trámite, como a personalidade suficiente e a lexitimación activa na causa como parte recorrente, mais non cabe a súa admisión a trámite por non ter presentado o recurso dentro do prazo legalmente establecido.

O artigo 117 da lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, concede un prazo de un mes para a interposición do recurso de reposición.

O artigo 48.2 da citada norma establece que: 'se o prazo fixase en meses ou anos estes computaranse a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate, ou desde o seguinte a aquel en que se produza a estimación ou desestimación por silencio administrativo. Se no mes de vencemento non houbera día equivalente a aquel en que comeza o cómputo, se entenderá que o prazo expira o última día do mes.'

O cómputo do prazo do mes empezou a contarse quince días naturais a partir do seguinte da publicación o día 20 de xuño de 2014 no BOP, polo que na data de interposición do recurso 14.01.15, xa tiña transcorrido máis de un mes, prazo previsto pola lei para a interposición do recurso.

A xurisprudencia constante establece que perante a presentación fóra de prazo do recurso de reposición, non cabe outra resolución que a non admisión do recurso.

Por todo o exposto, e visto o Decreto da Alcaldía do día 16 de xuño do 2011, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- NON ADMITIR POR EXTEMPORÁNEO o recurso de reposición interposto por INÉS OTERO PÉREZ, acordo da Xunta de Goberno Local do día 7 de abril de 2014 do expediente sancionador nº 30/2012-S, polo que se impón unha sanción á recorrente de MIL DOUSCENTOS EUROS (1.200,00 €), pola realización de obras consistentes en realizar unha pequena cuberta de superficie aproximada 2 x 0,50 m., no lugar do Viso-O Hío, onde fora demolida a caseta leñeira e que a súa legalización, foi denegada segundo a licenza nº 22.678 e polas consideracións técnicas e legais expostas, confirmando dito acordo en todos os seus termos.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente resolución aos interesados para os efectos oportunos, coa indicación de que este acordo pon fin á vía administrativa e cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado contencioso-administrativo da circunscrición onde radique o inmovible afectado, conforme ao disposto no artigo 14º.3º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da súa notificación, segundo o disposto no artigo 46.1 da citada lei."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente de infracción urbanística nº 30/2012-S.

SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

5º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

5.A) PROPOSTA DE BAIXA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 5.2.15, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN"

Vista a documentación presentada e tralo informe social elaborado pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, proponse á Alcaldía a seguinte resolución:

** BAIXA do Servizo de Axuda no Fogar a M^a Carmen B. C., beneficiaria pola quenda de dependencia con expediente nº 36008/01/000361- 45534 por falecemento."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

5.B) PROPOSTA DE BAIXA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 4.2.15, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN"

Vista a documentación presentada e tralo informe social elaborado pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, proponse á Alcaldía a seguinte resolución:

** BAIXA do Servizo de Axuda no Fogar a Guillermo G. G., beneficiario pola quenda de dependencia, con expediente nº 3585536-VI 0000024989, por falecemento."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

5.C) PROPOSTA DE ALTA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 5.2.15, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN"

Vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais

comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:

** CONCEDERLLE a dona Carmen F. S., con expediente núm.: 36008/01/000285 -43624 o servizo municipal de axuda no fogar pola quenda de dependencia de acordo cos seguintes detalles:*

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal.*
- * Atencións de carácter psicosocial.*
- * Atencións de carácter doméstico.*

Custe do servizo: OITOCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (858,31 €) (12,26 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: OITENTA E UN EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS (81,38 €), segundo a capacidade económica da usuaria calculada polo órgano de valoración.

Número de horas: 70 horas mensuais.

Data prevista de alta no SAF: 09/02/2015."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

6º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E MULLER S/AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do día 6.2.15 da concelleira de servizos sociais, relativa a concesión de axudas de emerxencia social, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Con relación na solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por Seoane Mariño, con DNI 35313648T e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de SEISCENTOS OITO EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS (608,63 €) a Seoane Mariño."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

7º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERITARIA PARA EQUIPAMENTO E MELLORA DAS INSTALACIÓNS E LOCAIS UTILIZADOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI, COFINANCIADAS POLO FEDER

Dáse conta de proposta do día 5.2.15 do concelleiro de Educación, Cultura, Xuventude e Voluntariado, referente a solicitude de subvención á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, cofinanciadas polo FEDER, que é como segue:

"SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA EQUIPAMENTO E MELLORA DAS INSTALACIÓNS E LOCAIS UTILIZADOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI, COFINANCLADAS POLO FEDER

Vista a Orde do 2 de xaneiro de 2015 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas, con personalidade xurídica propia e agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. Estas subvencións son susceptibles de cofianciamento polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do programa operativo Feder Galicia 2007-2013.

Vistas as necesidades do Auditorio Municipal, cumprindo os requisitos que se establecen na Orde citada, propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar unha axuda de TRES MIL DOUSCENTOS VINTE E UN EUROS CON DOUS CÉNTIMOS (3.221,02 €) para a ADQUISICIÓN DUNHA PANTALLA DE PROYECCIÓN PARA O AUDITORIO MUNICIPAL DE CANGAS, cun orzamento total de SEIS MIL CATROCENTOS CORENTA E DOUS EUROS CON DOUS CÉNTIMOS (6.442,02 €), segundo o seguinte financiamento:

ORZAMENTO TOTAL	SOLICITUDE CONSELLERÍA CULTURA(50%)	APORTACIÓN MUNICIPAL 50%
------------------------	--	---------------------------------

6.442,02 €	3.221,02 €	3.221,02 €
------------	------------	------------

Terceiro.- Adquirir o compromiso por parte do Concello de Cangas de chegar a porcentaxe do orzamento do proxecto que lle corresponda.

Cuarto.- Declarar que para esta adquisición non se solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Educación, Cultura, Xuventude e Voluntariado, referente a solicitude de subvención á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, cofinanciadas polo FEDER.

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

8º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DE SUBVENCIÓN PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DO "OBRADOIRO DE EMPREGO GRANXA DA RÚA VI"

Dáse conta de proposta do día 4.2.15 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitude á Consellería de Traballo e Benestar de subvención para levar a cabo o proxecto do "OBRADOIRO DE EMPREGO GRANXA DA RÚA VI", que é como segue:

"PROPOSTA

En virtude da Orde do 30 de decembro de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2015, considerando de especial importancia a existencia deste tipo de iniciativas de formación e emprego no municipio,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto do OBRADOIRO DE EMPREGO 'GRANXA DA RÚA VI', de 6 meses de duración, con data máxima de inicio o 30 de setembro de 2015 (art. 4.3 da orde), coas características e especialidades formativas que a continuación se detallan, así como, a achega por parte do concello dun cofinanciamento destinado a sufragar parte dos materiais de obra e prestación dos servizos (punto terceiro):

ESPECIALIDADES	CÓDIGO	Nº PARTICIPANTES
<i>ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO</i>	<i>SSCS0108</i>	<i>12</i>
<i>INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES</i>	<i>AGA00208</i>	<i>13</i>
		<i>TOTAL: 25</i>

***SEGUNDO.-** Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar unha subvención para levar a cabo este proxecto do OBRADOIRO DE EMPREGO 'GRANXA DA RÚA VI', no que se impartirán as especialidades formativas antes citadas, e nas que se desenvolverán as obras e servizos previstos na memoria formativa para un total de 25 alumnos/as-traballadores/as (contrato para a formación e aprendizaxe).*

***TERCEIRO.-** Que unha vez que a Consellería de Traballo e Benestar conceda a mencionada subvención, o concello aporte con cargo aos exercicios orzamentarios dos anos 2015 e 2016 os fondos necesarios para levar a cabo o mencionado proxecto e sufragar os custos non subvencionados, fundamentalmente os materiais necesarios para a execución das obras e a prestación dos servizos previstos, achegando un cofinanciamento municipal duns TRINTA MIL EUROS (30.000 €), que, de acordo coa dispoñibilidade orzamentaria, poida ser distribuída nos dous exercicios orzamentarios nos que se execute o proxecto (2015-2016)."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitude á Consellería de Traballo e Benestar de subvención para levar a cabo o proxecto do "OBRADOIRO DE EMPREGO GRANXA DA RÚA VI".

9º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA A CONTRATACIÓN DE 20 PERSOAS PARA O SERVIZO DE INTEGRACIÓN DO CONCELLO DE CANGAS

Dáse conta de Resolución da Alcaldía do día 4.2.15, referente a solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar, para a contratación de 20 persoas para o Servizo de Integración do Concello de Cangas, que di o seguinte:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vista a orde da Consellería de Traballo e Benestar do 31 de decembro de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de

exclusión social perceptoras de Risga, e se aproba a convocatoria para o ano 2015 (DOG 12 de xaneiro de 2015).

Visto que este concello reúne os requisitos de solicitude establecidos no artigo 3 da citada orde, e que é de interese para este.

Visto que segundo o artigo 21.1.S da Lei 7/85, reguladora de bases de Réxime local, corresponde ao alcalde adoptar a presente resolución.

En consideración ao anteriormente exposto, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Solicitar subvención para a contratación de 20 persoas que cumpran os requisitos previstos na citada Orde do 31 de decembro de 2014, de acordo co servizo denominado 'Servizo de Integración do Concello de Cangas-ano 2015', segundo o seguinte detalle:

NÚM. TRAB	GRUPO COTIZA C. SEG.SO C.	OCUPACIÓN	Tipo xornada %	CNAE 2009 (4 díxitos)/ OCUPACIÓN (letra)	CUSTO UNITARIO MENSUAL				CUSTOS TOTAIS	
					SALARIO BRUTO ó 75% (1)	% COTA PATRONAL SEG. SOC.	COTA PATRONAL Á SEG.SOCIAL	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURACIÓN CONTRATO EN MESES	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS
3	6	conserxe edif publicos	75	841	1.063,13	32,75%	348,18	1.411,31	7,0	29.637,41
2	6	conserxe instalacions deportivas	75	841	1.063,13	32,75%	348,18	1.411,31	7,0	19.758,27
4	10	peón varredor	75	G	1.063,13	34,70%	368,91	1.432,04	7,0	40.097,01
4	10	peón limpador edif publicos	75	G	1.063,13	34,70%	368,91	1.432,04	7,0	40.097,01
3	10	desbrozador	75	D	1.063,13	37,80%	401,86	1.464,99	7,0	30.764,86
1	10	peón albanel	75	D	1.063,13	37,80%	401,86	1.464,99	7,0	10.254,95
1	8	conductor	75	F	1.182,13	37,80%	446,85	1.628,98	7,0	11.402,83
2	10	auxiliar administrativo	75	A	1.182,13	32,10%	379,46	1.561,59	7,0	21.862,31
TOTAL SUBVENCIONABLE					8.743,04		3.064,20	11.807,24		203.874,65

(1) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización.

(1)Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización.

SEGUNDO.- *Que se dea conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a Resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar, para a contratación de 20 persoas para o Servizo de Integración do Concello de Cangas.

10º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE TURISMO S/SOLICITUDE DE AXUDA Á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA APOIO, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DAS FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA-2015

Vista a proposta do 3.2.15 da concelleira delegada de Turismo, referente a solicitude de axuda á Axencia de Turismo de Galicia para apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia-ano 2015, que é como segue:

"PROPOSTA

SOLICITUDE DE AXUDA Á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 18/12/2015 DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA APOIO, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DAS FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA 2015

Publicada no DOG nº 12 do día 20 de xaneiro de 2015 a Resolución da Axencia de Turismo de Galicia do día 18 de decembro de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2014.

Reunindo os requisitos da orde citada e contando Cangas coa única Semana Santa da Provincia de Pontevedra declarada de Interese Turístico Galego, declaración publicada no DOG de data 29/11/2012, propónse á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- *Solicitar unha axuda polo importe de TRES MIL CATROCENTOS TRINTA E NOVE EUROS (3.439,00 €) para a celebración da SEMANA SANTA 2015.*

Segundo.- *Adoptar o compromiso do Concello de Cangas para o financiamento do importe do orzamento que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista.*

Cuarto.- *Certificar que o Concello de Cangas, con data do 10/10/2014 remitiu ao Consello de Contas de Galicia as contas do exercicio 2013 do Concello de Cangas e do seu Organismo Autónomo de Deportes."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira delegada de Turismo, referente a solicitude de axuda á Axencia de Turismo de Galicia para apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia-ano 2015.

11º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE TURISMO S/SOLICITUDE DE AXUDA Á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL NAS OFICINAS DE TURISMO-2015

Dáse conta de proposta do día 3.2.15 da concelleira delegada de Turismo, referente a solicitude de axuda á Axencia de Turismo de Galicia, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo-2015, que di o seguinte:

"PROPOSTA

SOLICITUDE Á AXENCIA TURISMO DE GALICIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL NAS OFICINAS DE TURISMO-2015

Publicada no DOG nº 50 do día 20/01/2015 a Resolución do 18 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.

Por Resolución da Consellería de Cultura, Comunicación e Turismo do día do 1 de xuño de 2001, pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 31 de maio, polo que se declara municipio turístico galego ao concello de Cangas, de acordo co disposto no artigo 16 do Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, polo que se regula a declaración de municipio turístico galego e se publica no DOG nº 116 do día 15 de xuño de 2001.

Cumprindo os requisitos e vistas as necesidades, propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- *Solicitar unha axuda polo importe de SETE MIL OITOCENTOS CINCO EUROS CON NOVENTA E UN CÉNTIMOS (7.805,91 €) para a contratación de dúas persoas con ciclo superior de turismo, para o período de tres meses e medio, do 15 xuño ao 30 de setembro de 2015, para a Oficina de Turismo de Cangas, correspondendo a salario bruto: SETECENTOS VINTE EUROS CON DOUS CÉNTIMOS (720,02 €), pagas extras: CENTO VINTE EUROS (120,00 €) e custos da Seguridade Social: DOUSCENTOS*

SETENTA E CINCO EUROS CON OINCE CÉNTIMOS (275,11 €), ao abeiro do Convenio colectivo do Concello de Cangas, publicado no BOP de Pontevedra do 11/02/1992 e ás táboas salariais estatais vixentes neste momento da Lei 36/2014, do 23 de decembro, e publicada no BOE do día 30/12/2014.

Segundo.- Adoptar o compromiso do Concello de Cangas para o financiamento do importe do orzamento que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria até o importe total da execución prevista, segundo a documentación achegada coa solicitude; así como, a disposición de financiamento para as partidas orzamentarias que sexan financiadas por aquela e o número de traballadores que se van contratar e as súas retribucións salariais brutas, en cómputo mensual, desagregados por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e mais as cotizacións empresariais á Seguridade Social con referencia da publicación oficial do convenio colectivo que resulte de aplicación e xuntando as táboas salariais vixentes no momento da solicitude.

Cuarto.- Certificar que o Concello de Cangas con data do 10/10/2014 remitiu ao Consello de Contas de Galicia as contas do exercicio 2013 do Concello de Cangas e do seu Organismo Autónomo de Deportes.

Terceiro.- Declarar que o Concello de Cangas para esta solicitude que se formula non solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira delegada de Turismo, referente a solicitude de axuda á Axencia de Turismo de Galicia, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo-2015.

12º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE TURISMO S/APROBACIÓN DE BASES E CONVOCATORIA DE DÚAS BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NAS OFICINAS DE TURISMO DE CANGAS

Vista a proposta do día 3.2.15 da concelleira de Turismo, referente a aprobación de bases e convocatoria de dúas bolsas para a realización de prácticas nas oficinas de Turismo de Cangas, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE TURISMO, D^a BERTA PÉREZ HERNÁNDEZ, S/APROBACIÓN DE BASES E CONVOCATORIA DE DÚAS BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NAS OFICINAS DE TURISMO DE CANGAS

O Concello de Cangas foi declarado de interese turístico galego por Resolución do 1 de xuño de 2001. Sendo intención desta concellería manter a calidade no servizo que se presta a todos os visitantes que ano tras ano nos fixeron merecedores de tal

declaración, cómpre manter abertas ao público as oficinas de turismo coas que conta o concello nos períodos do ano en que máis afluencia de turistas se dá.

Este obxectivo se trata de cubrir ano tras ano polo concello dando a oportunidade de completar con formación práctica a formación teórica previa adquirida por parte daquelas persoas que veñen de rematar os seus estudos en materia turística, mellorando as súas posibilidades de inserción laboral futura.

En consideración ao anteriormente exposto propoño a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Convocar, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de obxectividade e publicidade, dúas bolsas a titulados, graduados ou diplomados en turismo por unha duración total de cinco meses para a realización de labores de información turística nas oficinas de turismo do municipio de Cangas.

2.- Aprobar as bases de selección dos/das beneficiarios/as das dúas bolsas ou becas convocadas que como anexo se achegan.

3.- Que se sigan todos os trámites ata que se proceda ao seu outorgamento."

ANEXO I

"BASES QUE REXERÁN NA OFERTA DE DÚAS BOLSAS OU BECAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NAS OFICINAS DE TURISMO DE CANGAS DURANTE O 2015

PRIMEIRA- Obxecto da convocatoria.

Estas bases teñen por obxecto convocar, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de obxectividade e publicidade, dúas bolsas a titulados, graduados ou diplomados en turismo por unha duración total de cinco meses para a adquisición de formación práctica mediante a realización de labores de información turística nas oficinas de turismo do municipio de Cangas tempo que se distribuirá en tres períodos coincidentes cos de maior actividade turística no concello co fin de que os bolseiros conten cun aproveitamento axeitado de cara a súa formación.

A bolsa ascenderá a un total de 690 euros brutos mensuais cunha duración de 5 meses repartidos nos períodos de tempo que se indican:

- O/a aspirante seleccionado/a con maior puntuación do 27 de marzo ao 5 de abril de 2014; do 1 de maio ao 16 de setembro de 2015; do 5 ao 8 de decembro de 2015.*
- A segunda persoa seleccionada: Do 27 de marzo ao 5 de abril de 2015; do 1 de maio ao 6 de setembro de 2015; do 5 ao 8 de decembro de 2015; do 22 ao 31 de decembro de 2015.*

En ambos casos o primeiro período estará supeditado á data de remate do proceso de selección de tal xeito que de rematar este con posterioridade a duración deste acrecentará a de algún dos posteriores no xeito que se indique con antelación aos bolseiros seleccionados.

Cos aspirantes que superaron as probas polas puntuacións obtidas, sin resultar seleccionados, confeccionarase un listado para cubrir as baixas ou renuncias que se produzan entre os becarios/as que si o fosen, adxudicándose a axuda ó seguinte aspirante en puntuación.

SEGUNDA.- Requisitos dos aspirantes.

Para ser admitido/a á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Ter a nacionalidade española ou ser membro dun país da Unión Europea.*
- Estar en posesión do título de Técnico Superior de Información e Comercialización Turística, Técnico Superior en Guía, Información e Asistencia Turística, Técnico en Empresas e Actividades Turísticas, Grao ou Diplomado en Turismo.*
- Non estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das Administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.*
- Non padecer enfermidade nin defecto que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo.*
- Posuir a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas habituais das prazas que se convocan.*
- Non ter cumpridos os 33 anos na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.*

Os requisitos establecidos na norma anterior deberán cumprirse o último día do prazo de presentación de solicitudes. Será nula a selección dun becario/a que este incurso en causas de incapacidade específica coa normativa vixente.

TERCEIRA.- Solicitudes, prazo de presentación e documentación a achegar con elas. Os que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar no modelo de instancia que se achega dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Cangas, que deberá ser entregada no Rexistro Xeral, no prazo de dez días naturais a contar dende o

día seguinte ó da publicación das bases no taboleiro de anuncios, en horario de atención ao público.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do concello o/a aspirante deberá dirixir por fax, ó 986 304850 unha copia da instancia con anterioridade ao remate do prazo na que figure a data de presentación no rexistro correspondente, aos efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/as.

Os/ as interesados/as presentarán as súas solicitudes achegadas da seguinte documentación:

- Fotocopia cotexada, por ámbalas dúas caras, do DNI.*
- Fotocopia cotexada do título ou do recibo do depósito do título.*
- Declaración xurada na que se faga constar non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou as entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade.*
- Para a valoración da fase concurso os/as aspirantes deberán entrega-los documentos xustificativos que estimen oportunos (orixinais ou fotocopias cotexadas). O tribunal terá en conta a coherencia da documentación aportada cós méritos a valorar, considerándose preferentemente para estes efectos as certificacións administrativas ou títulos oficiais. Os méritos non xustificados documentalmente ou insuficientemente xustificados, non serán obxecto de valoración.*

Toda a documentación aportada deberá presentarse debidamente cotexada.

CUARTA- Admisión dos/as aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos provisionais, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de anuncios da casa do concello.

Os aspirantes excluídos disporán de 3 días naturais a contar dende o seguinte ao da publicación do listado provisional para poder subsanar ou emendar, no seu caso o defecto que motivara a exclusión. No suposto de producirse reclamacións ditarase nova resolución estimándoas ou desestimándoas, o que se fará publico, igualmente, no taboleiro de anuncios da casa do concello.

QUINTA.-Tribunal cualificador.

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en todas as súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia como mínimo de tres dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorra neles algunha circunstancia provista no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

A composición efectiva do tribunal, así como a data e hora de realización dos exercicios, faranse públicos no taboleiro de anuncios da casa do concello, integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección.

O tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

SEXTA- Sistema de selección.

O proceso selectivo constará de dúas fases, a de concurso e a de oposición.

** FASE DE CONCURSO:*

I.- Méritos académicos. Por ter asistido a cursos de formación e perfeccionamento impartidos en Centros Oficiais, Universidades, Colexios Oficiais ou Escolas de Administración Públicas relacionadas coas materias obxeto desta convocatoria. Ata un máximo de 1,25 puntos.

a) Master ou postgrado (relacionado con sector turístico) – 0,50 puntos.

<i>b) DURACIÓN</i>	<i>PUNTOS</i>
<i>10 ou máis créditos -100 ou máis horas</i>	<i>0,25 puntos</i>
<i>De 6 a 9 créditos - De 60 a 99 horas</i>	<i>0,20 puntos</i>
<i>De 3 a 5 créditos - De 30 a 59 horas</i>	<i>0,15 puntos</i>
<i>De 1 a 2 créditos - De 10 a 29 horas</i>	<i>0,10 puntos</i>
<i>9 ou menos horas</i>	<i>0,05 puntos</i>

No suposto de que non se acredite a duración dos cursos, estes serán valorados a razón de 0,05 puntos.

Só se valorarán os cursos impartidos por organismos oficiais ou debidamente homologados por estes (especialmente escolas ou institutos administrativos de formación do persoal ó servizo das administracións públicas e universidades). Neste senso non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias privadas se non se xustifica a homologación sinalada.

II. Idiomas – Ata un máximo de 2,50 puntos, a razón de un máximo de 1,25 puntos cada idioma.

a) No caso de que os cursos de idiomas sexan valorados polo número de horas, aplicarase o baremo dos cursos sinalado anteriormente.

b) No caso de que os cursos de idiomas sexan dunha escola oficial o baremo será: Nivel básico: 0,75 puntos - Nivel medio: 1 punto - Nivel avanzado: 1,25 puntos.

III. Galego. Ata un máximo de 0,25 puntos (no caso de ter varios cursos terase en conta só o de maior puntuación).

- Validación do Certificado de Lingua Galega – nivel 3 (CELGA 3), ou a certificación do curso de Lingua Galega de Iniciación: 0,125 puntos.*

- Certificado en Lingua Galega- nivel 4 (CELGA 4), ou a súa validación, ou a certificación do curso de Lingua Galega de Perfeccionamento: 0,25 puntos.*

** FASE DE OPOSICIÓN: Obrigatorio e eliminatorio. Puntuación máxima: 6 puntos.*

Será obrigatoria e eliminatoria. Consistirá na realización dun exame tipo test de 30 preguntas relacionadas co temario adxunto, a realizar no día, hora e lugar que se indique na resolución pola que se publique o listado provisional de admitidos e excluídos. Este exercicio terá unha duración máxima de 40 minutos, sendo necesaria unha puntuación mínima de 3 puntos para acadar a cualificación de APTO. Aqueles aspirantes que non acaden a cualificación esixida quedarán eliminados.

TEMARIO

- 1. Patrimonio histórico, cultural e etnográfico de Cangas.*
- 2. Principais festas e eventos do municipio.*
- 3. A Semana Santa e as Danzas Ancestrais.*
- 4. As praias de Cangas.*
- 5. Os aloxamentos turísticos do municipio.*
- 6. Planos de calidade turística no Concello de Cangas.*

Todos os candidatos que concorran á realización das probas, deberán vir provistos do seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir. En caso de non presentar ningún destes documentos, non se lles permitirá a realización das probas.

Os aspirantes serán chamados para a realización das probas nun único chamamento, quedando excluídos do proceso os que non comparezan.

SÉTIMA.- Cualificación final.

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de oposición e de concurso, sempre e cando o aspirante superase a proba práctica.

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase a favor do aspirante que obtivese a maior puntuación na fase de oposición; de persistir o empate, dirimirase a favor do aspirante que obtivese a maior puntuación no primeiro apartado da fase de concurso, de persistir o empate este se resolverá a favor do/a aspirantes con maior puntuación na valoración das preguntas reserva e de ser necesario, o empate resolveríase finalmente mediante unha proba adicional de coñecementos baseada no temario achegado entre os/as aspirantes empatados.

O tribunal seleccionador, fará pública, no taboleiro de anuncios do concello a puntuación obtida polos/as aspirantes.

O tribunal cualificador non poderá en ningún caso, declarar máis aspirantes aprobados que prazas convocadas, calquera proposta que contraveña este mandato será nula de pleno dereito.

A continuación, o tribunal elevará a súa proposta á Alcaldía que ditará resolución asignando as bolsas aos candidatos/as que acaden a maior puntuación.

O resto dos aspirantes, que superando as probas non foran seleccionados, integrarán un listado ordenado segundo as puntuacións obtidas, que será utilizado para cubrir as baixas ou renuncias que se produzan entre os becarios/as que sí o fosen, adxudicándose a axuda ó seguinte aspirante en puntuación.

OITAVA.– Condicións xerais.

Ademais do resto de condicións establecidas nas presentes bases establécense en particular as seguintes:

- Os/as beneficiarios/as das bolsas comprométense a observar o horario de traballo e a disciplina que lles sinale a Concellería de Turismo cun límite de vintetrés horas semanais.*

- *O feito de aceptar e facer uso destas bolsas non xera ningunha relación laboral ou contractual co Concello de Cangas ou calquera outra administración pública.*
- *O pagamento do importe da bolsa estará suxeita as retencións que procedan, de conformidade co previsto no R.d. 439/2007 do 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*
- *A efectos do seguimento e valoración do aproveitamento formativo das prácticas dos beneficiarios será designado polo Concello un titor/a. Con este fin o titor fixará cando menos unha reunión cos bolseiros por cada un dos períodos nos que se distribúen as prácticas, nestas reunións se sinalarán as pautas a seguir nas prácticas ademais de facer o seguimento das experiencias formativas adquiridas e tratar de resolver as dúbidas que xurdan na aplicación á experiencia práctica dos coñecementos teóricos adquiridos.*
- *Antes de que transcorran os últimos quince días do período de duración da bolsa, o beneficiario estará obrigado a presentar unha memoria sobre o conxunto dos traballos realizados, especificando os obxectivos conseguidos, a metodoloxía empregada e os principais resultados dos estudos practicados. Estas memorias serán presentados á persoa responsable da titoría que emitirá un informe final sobre as prácticas realizadas.*

NOVENA - Publicidade das bases e da convocatoria destas.

As presentes bases estarán expostas ao público no TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO e na páxina web do concello (www.cangas.org) durante o prazo sinalado para a presentación de instancias.

O taboleiro de anuncios da casa do concello será o medio para dar publicidade a todas as notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

DÉCIMA.- Caracter das bases e incidencias.

As presentes bases desta convocatoria vinculan á administración local convocante, ao tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso.

O tribunal de selección queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como, para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación durante o proceso selectivo, podendo adoptar os acordos necesarios na procura da boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

UNDÉCIMA.- Disposición final.

As presentes bases e cantos actos administrativos deriven destas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, no Réxime xurídico das administracións públicas e do Procedemento administrativo común e polo disposto nas presentes bases.

Así mesmo, a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na devandita Lei 30/1992, do 26 de novembro.

MODELO DE INSTANCIA

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO ILMO. CONCELLO DE CANGAS (PONTEVEDRA)

*D. /Dªcon DNI,
veciño/a de, provincia de, con domicilio na rúa
....., andar nº, letra, e número de
teléfono*

EXPOÑO:

Que quero participar no proceso selectivo de dúas bolsas ou becas para a realización de prácticas nas oficinas de turismo de Cangas durante o ano 2015.

Que coñezo e cumpro cos requisitos esixidos na base segunda de dita convocatoria.

SOLICITO: que se teña en conta a presente solicitude, para tomar parte na proba selectiva.

Cangas,..... dede 2015.

Sinatura

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE

- o Fotocopia cotexada do DNI*
- o Fotocopia cotexada da titulación esixida*
- o Documentación cotexada acreditativa dos méritos."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira delegada de Turismo, referente a aprobación de bases e convocatoria de dúas bolsas para a realización de prácticas nas oficinas de Turismo de Cangas.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

13º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE TRÁFICO E PROTECCIÓN CIVIL S/SOLICITUDE Á VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, DE ADXUDICACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE EMERXENCIAS

Dáse conta de proposta do día 5.2.15 da concelleira delegada de Tráfico e Protección Civil, referente a solicitude á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de adxudicación de equipamentos de emerxencias, que é como segue:

"PROPOSTA

SOLICITUDE DE ADXUDICACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE EMERXENCIAS, AO ABEIRO DA ORDE DO 28 DE XANEIRO DE 2015 DA VICEPRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Publicada a Orde do 28 de xaneiro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2015, para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidade ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2007-2013.

Cumprindo os requisitos da orde citada e vistas as necesidades, propónse á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a adquisición de equipamento pola seguinte orde de preferencia:

1º.- Pick-up.

2º.- Furgón.

3º.- Remolque con carpa.

4º.- Remolque emerxencias.

*5º.- 1 Embarcación 5,20 m.
- 2 Embarcacións 4 m.*

6º.- Espacedor de sal.

Segundo.- Declarar que non se solicitou ningunha outra axuda ou subvenión de entidade pública ou privada."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira delegada de Tráfico e Protección Civil, referente a solicitude á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de adxudicación de equipamentos de emerxencias.

14º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS

14.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
FRANCISCO SANTOS RODAS	O Espírito Santo, nº 38-Coiro. <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u>

14.A.2) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DESAPARICIÓN

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por desaparición, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
-------------	--------------------------

CARMEN GIL IGLESIAS	<p>Avenida de Vigo, nº 63-Cangas.</p> <p>Autorízase a renovación, por desaparición, de sinal de pasaxe permanente de sinal nº 618 concedida en X.G.L. do día 26.1.07 a Rodrigo Costas Boubeta, que así mesmo, foi autorizada a Carmen Gil Iglesias a renovación do referido sinal en XGL do día 9.9.14 por deterioro.</p> <p>Polo departamento de Tesourería, procederáse a indicar ó departamento de Xestión de Ingresos do nº de placa de sinal concedido no seu día, para dar de baixa o referido número, así como, pola Inspección de Taxas, levar a vixilancia de onde puidera estar instalado, para proceder no seu caso á apertura do correspondente expediente de infracción.</p>
---------------------	---

14.B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL EN RÚA CARLOS CASARES

Visto o escrito presentado o día 2.2.15 por BERNARDO BON FERNÁNDEZ, presidente da ASOCIACIÓN VECIÑAL "CARLOS CASARES", no que demanda a instalación dun sinal de rúa cortada e un sinal de prohibido estacionar a excepción de residentes.

Visto, así mesmo, o informe emitido o día 3.2.15 pola Policía Local, no que se indica o seguinte:

"ASUNTO: SOLICITUDE DE SINAL DE PROHIBIDO ESTACIONAR EXCEPTO RESIDENTES

A Policía Local de Cangas con relación ao escrito presentado por Bernardo Bon Fernández, INFORMA:

** NON procede o sinal de prohibido estacionar con excepción dos residentes xa que se trata dunha vía pública.*

** Por parte desta policía non existe inconveniente en que se coloque un sinal de rúa sen saída."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local.

14.C) SOLICITUDES DE BAIXA DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE

Examinada a solicitude presentada o día 18.11.14 por MANUEL GRAÑA GRAÑA, presidente da "COMUNIDADE DE PROPIETARIOS LA PAZ 3 E 5", na que demanda vixilancia e sinalización para a zona da Rúa A Paz e para a Avenidade Moaña, por situación de risco grave na circulación vial e dos aparcamentos da zona.

Visto, así mesmo, o informe da Policía Local emitido o día 19.12.14, no que se indica o seguinte:

"INFORME Nº 2418/14

Asunto: sinalización en rúa A Paz e inmediacións.

A Xefatura da policía local de Cangas , por medio do presente informe fai constar:

Que con relación a escrito de MANUEL GRAÑA GRAÑA (número 13346/14 do 18 de novembro) púidose comprobar que na mencionada rúa e tamén na avenida de Moaña hai problemas derivados da circulación de vehículos, porque non teñen saída ou comunicación con outras vías que posibiliten maior fluidez do tráfico. A esta situación debemos engadir que a proximidade ao centro urbano e a situación de varios negocios, especialmente no caso da Rúa A Paz, a onde acuden diariamente pais con nenos por actividades relacionadas con estes, incrementan a conflictividade ao precisar de aparcamento.

Nos derradeiros anos e en distintas ocasións propúxose a prohibición de estacionamento por parte de veciños/as afectados/as e tamén a restrición de paso a vehículos que non sexan de residentes.

Desde este departamento debemos advertir que polo propio feito de existir negocios na zona, especialmente os que afectan a menores, implicaría na práctica que os pais non poderían acudir a recollelos o que sen dúbida sería problemático. Tamén se debe ter en conta a necesidade de carga e descarga e a necesidade de aparcamento xa que moitas vivendas non contan con garaxe.

Por todo o exposto a policía considera que restrinxir o acceso a residentes con tarxeta e carga e descarga, pode ser posible desde o punto de vista técnico e de legalidade pero debe terse en conta o apuntado no apartado anterior.

Outra posibilidade sería a de reforzar a sinalización vertical e horizontal de prohibido o estacionamento na totalidade da praza da Rúa A Paz, onde se xeneran unha boa parte dos problemas de tráfico e prohibir nun lateral na citada rúa e na avenida de Moaña."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda que polos departamentos correspondentes de Policía Local e Oficina Técnica, se proceda a reforzar a sinalización vertical e horizontal de prohibido o estacionamento na totalidade da praza da Rúa A Paz, onde se xeneran unha boa parte dos problemas de tráfico e prohibir nun lateral na citada rúa e na avenida de Moaña.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

15º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

15.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBJECTO
SOCIEDAD ESPAÑOLA DE MONTAJES INDUSTRIALES, S.A.	AVAL	1.200,00 €	LICENZA Nº 23.611

16º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

16.A) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á BAIXA NA CONTABILIDADE DOS XUROS DERIVADOS DO CUMPRIMENTO DA SENTENZA Nº 100/2011, RESOLUTORIA DO P.A. Nº 450/2010 DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA

Dase conta de proposta da Alcaldía referente á baixa na contabilidade dos xuros derivados do cumprimento da sentenza nº 100/2011, resolutoria do procedemento abreviado nº 450/2010, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á BAIXA NA CONTABILIDADE DOS XUROS DERIVADOS DO CUMPRIMENTO DA SENTENZA Nº 100/2011, RESOLUTORIA DO P.A. Nº 450/2010 DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA (EXP. X-11/04)

Visto o contido do escrito presentado o 30/01/2015 polo presidente da Xunta de Montes Veciñais en Man Común de Darbo, no que declara estar plenamente satisfeito do cumprimento da referida sentenza nº 100/2011 do 31/03/2011, resolutoria do PA 450/2010 seguido no Xulgado do Contencioso nº 2 de Pontevedra (Execución definitiva 14/2011) renunciando en consecuencia á reclamación de calquera cantidade derivada dos citados procedementos, en particular as obrigas en concepto de xuros. Visto que por acordo de Xunta de Goberno Local do día 18/05/2011, se tomou coñecemento da sentenza nº 100/2011 antes citada e se recoñeceron en concepto de xuros

CINCOCENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (562,19 €), que aínda figuran na contabilidade municipal.

*Por todo o exposto, esta Alcaldía propon á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte
ACORDO:*

Primeiro.- Dar de baixa na contabilidade municipal a obriga por importe de CINCOCENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (562,19 €), en concepto de xuros recoñecidos por acordo de Xunta de Goberno Local de 18/05/2011.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a cumprimento da sentenza nº 100/2011, resolutoria do procedemento abreviado nº 450/2010, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Apoio Xurídico, Tesourería e Intervención.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO S/SINATURA DE ACORDO DA COMISIÓN BILATERAL, RELATIVO O ÁREA DE REXENERACION E RENOVACIÓN URBANA DO CASCO VELLO DE CANGAS (PONTEVEDRA), COMUNIDAD AUTÓNOMA DE GALICIA-PLAN ESTATAL DE FOMENTO DO ALUGUER DE VIVENDAS, A REHABILITACIÓN EDIFICATORIA E A REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS 2013-2016 (ANUALIDADE 2015)

Dáse conta de escrito do día 5.2.15 (R.E. do 6.2.15 nº 1395), do INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO, referente a sinatura de acordo da Comisión Bilateral, referente o Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Vello de Cangas, segundo o Plan estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración

e renovación urbanas 2013-2016-ANUALIDADE 2015, no que no escrito de referencia se indica o seguinte:

* O Ministerio de Fomento, a través da súa Subdirección Xeral de Axudas á Vivenda, remitiu o texto conformado para a sinatura dos acordos específicos, polo que, se incorporarán, con cargo ao Plan de Vivenda 2013-2016, as actuacións previstas no Programa Obxectivos 2011, correspondente á ARI de C.A. e zona ampliada de Cangas.

Así mesmo, no Acordo da Comisión Bilateral, se indica que o concello se comprometerá a potenciar a difusión de información referentes ás medidas do plan, con relación ao programa de fomento da rexeneración e renovación urbanas, indicando que o período de duración das actuacións previstas no acordo, se establece ata o 31 de decembro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do escrito do INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO, referente a sinatura de Acordo da Comisión Bilateral, corespondente ao Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Vello de Cangas, segundo o Plan estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016-ANUALIDADE 2015.

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. alcalde-presidente para a sinatura do referido Acordo da Comisión Bilateral.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo achegado de copia do documento do referido acordo da Comisión Bilateral aos departamentos de Intervención e Oficina Municipal de Rehabilitación.

B) ACORDO DE FELICITACIÓN AO NOVO CONSELLEIRO DE FACENDA

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou transmitir a súa felicitación ao recién nomeado novo Conselleiro de Facenda, D. VALERIANO MARTÍNEZ GARCÍA, nativo da Parroquia de Aldán do Concello de Cangas, quen viña exercendo o posto na Secretaría Xeral da Presidencia desde o ano 2009 e que foi nomeado Conselleiro de Facenda no día de hoxe polo Presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente